

Há uma certa

L U Z

~~Cadáver #6~~

incompreensível

na distância

umha palavra

AQADDOFA

um sinal ou desejo

Estévez, Elvira Riveiro

a noite

nom

esgota

o seu

F U L G O R

or Lugris, Eduardo

metálico

S L Ê N C I O

e aqui frente ao

Um cadáver e
squisito de Ig

espelho só existe o



Igor Lugrís

Tobío e Lara Bacelo

Fôrom umhas palabras
Talvez umhas luzes
Se calhar umhas ilusons
De todas as formas
queimavam os olhos
tinham esse grave odor
que sempre trai o desconhecido
e sabiam a felicidade
Um doce e agradável sabor a felicidade

No limite deste horizonte só há outro horizonte

Igor Lugrís

A poética da resistencia

Identidade. Memoria. Arela de liberdade. Denuncia da uniformización cultural e lingüística, esmagadora da disidencia. Da explotación laboral e da inxustiza mundial. Chamado á resistencia. A camiñar para adiante. Sen medo. A crer en nós. No país. Son os alicerces da poética de Igor Lugrís (Melide, 1971). Unha obra indisociable do activismo cultural. Do compromiso social e nacional. E dunha teima por rachar as barreiras que seguen a afastar os poetas do lector. Con proxectos como o *Cadáver exquisito* –creación colectiva a través de internet– e *Poesía para ver. Poesía para ler*, –poemas integrados en carteis, como os que recolle este número da Revista das Letras–. Cun verso directo, próximo, apegado á realidade. Que intensifica a súa forza en *Mongolia* (2001) e *Livro das confusons* (2007). Sempre á procura da verdade, máis que da beleza, malia atento ao sentido estético. Á busca dun xeito de comprensión do mundo, base da toda transformación posible. Desde o concreto. O graño de area. A iniciativa. Sen agardar pola industria cultural.



O autor da fotografía desta páxina é Benja G. Lainez. A cartel da portada está elaborado a partir dun orixinal do brasileiro Rico Lins. Debaixo deste cartel colocouse o nome do poeta ao que se lle adica este número da Revista das Letras.

1

A Adelino
quando lhe perguntavam
dizia que trabalhava no polígono industrial
E nom era mentira

A sua família sempre tivera umha leira
em aquele terreo
no final da costa de vacas
Fora de seu pai
E da sua avó
E da mae desta
Ele nunca teria vendido
mas foi expropriaçom forçosa
É polo bem de todos
diziam-lhe no bar à hora dos cafés e as partidas

Comprou
justo onde tivera as patacas
umha parcela com o dinheiro que lhe dérom
e a pensom dos anos em Zurique
Só havia três naves
um burger com karaoke
e a sua horta

Quando lhe perguntavam
dizia que trabalhava no polígono industrial
E nom era mentira

2

Podermos transformar o céu
e nom andar por aí com ele
perdendo-o entre as interpretaçons e os mundos
entre os caminhos e as horas

Podermos assaltá-lo
rompê-lo
em mil anacos cada nuvem
como nos rompe a nós
para nom ter que reagir atréu
cada vez que chega o futuro

Podermos entendê-lo
para entender os nossos silêncios
as nossas ignorâncias
para que todo seja mais que um delírio
voluntário
A solidade dum verso alheio
que sempre escapa

Nom existirem estas palavras

3

Olho para as leitugas
enquanto boto água nas fendas da memória
e co sacho golpeio docemente
cada umha das palavras que rodeiam esta casa
“Parabéns”
berram os gatos todos os gatos do mundo
enquanto sigo a cair polo precipício
e oito galinhas cantam
a coro
a melodia das casas habitadas

Um cam dorme diante da porta
aberta

Lentamente
esqueço as horas
os minutos os segundos
até chegar a esta pequena sensaçom de calor
Talvez todo seja arrastar palavras
dum lado para outro
sem cessar
até que alguém escuite
e entom ficar em silêncio
Para sempre

4

Todo é terrivelmente complicado
Mas nom há que se preocupar
com isso
Também o certo é
que
tudo é terrivelmente simples

Igual que distinguir o abalo e o devalo
Igual que ver chover
Igual que pensarmos
que existir é
lembrar distâncias
e falar silêncios

Nom existe mais que
o caminho
O que vives é a viagem
Estou confuso
e nom escuito mais
que o silêncio iluminando
esta noite
cheia de palavras molhadas

Essas luzes que
me rodeam é o lume
da terra

Arder
é a palavra
que procuras

5 *(Compostela vermelha e etérea)*

Compostela vermelha e etérea
os sonhos de licor-café
a terra de pedra que arde
e o mundo que roda sempre do revês

Os livros da madrugada
cafés dentro do café
a lua fala da memória
e dumha história que nom vai morrer

A pátria constroese nas ruas
as ferramentas som todas as maos
as cores das velhas bandeiras
desenham os ritmos das novas cançons
Compostela vermelha e etérea
os sonhos de licor-café
etc...

6

Conheces todas as palabras dos dicionários
em vários idiomas
mas sigues sem saber
o nome próprio da liberdade
o significado da fraternidade
os sinónimos da igualdade
e por isso escreves
enquanto pensas na tua foto
a cores
nos dominicais dos periódicos sérios

7

o citroen saxo tuneado de aitor
soa melhor que o último CD de Eminem
a todo volume
que agora se escuita em toda a aldeia
de zero a cem
polo pentagrama nocturno turbo injection de
luzes de néon azuis
apurando as sensaçons na avenida da liberdade
até exactamente
o monumento aos doadores de sangue
que se interpom na pista de baile com linha
contínua
e decide justo depois do ceda
com um sigiloso estrondo
premir no botom do stop

8

Também estivo aquela outra vez
Quando decidimos assaltar o ceu
da madrugada
ao ritmo dum licorcafé
mentre sonava
ao longe
dentro das nossas cabeças
umha dessas cançons
às que lhe inventavamos a letra
Era quando aprendiamos idiomas
ou palabras

9 *(A miña lingua remix. Ocenic version)*

A minha língua quero na tua boca
e falar com o silêncio dos peixes
tam líquido e húmedo
o falar dos sargos
petaranhas e maragotas
o falar dos xurelos
as sardinhas e as xoubas
Entendermo-nos entre bránquias
Mirarmo-nos entre escamas
Movermono-nos na água
entre fluidos e sabores salgados
como quem durme numha cama na tua cama

10

Ardem as pedras
e sei que nom fuche tu
porque te vim
por última vez
correndo
escapando
cara à praça de Vigo
mentres o caixeiro já
estava ardendo
e internet falava de saltos
também
na Corunha
Vigo
e Ferrol
Ardem as pedras
e amanhã
os jornais
falarám das cinzas
dum mundo impossível
Corre!

Nom há mais amor

butano

Nom há mais butano amor. Quanto tempo tarda em acabar-se todo. Um nom sabe bem que sentimento cria quem esquece o parto, assenta a pele e tensa o corpo.

A procedência da nossa pele é anterior ao anterior. Contornando o jardim botânico sempre há umha princesa porque as laranjas dos reis eram pequenas e doces.

Os teus olhos nom olham o que te bica. Assim che medrou no peito um tambor de buxo. Estou como escrita amor no fundo dos versos fluidos.



Poema de Igor Lugris con versos de Fran Alonso, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Marta Dacosta, Antón Dobao, Estibaliz Espinosa, Eduardo Estevez, Maria Lado, Franck Meyer, Carlos Negro e Luisa Villalta.

11 SETEMBRO DO 2008 - NÚMERO 736

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Gonzalo Hermo

Gonzalo Hermo (A Coruña, 1987) extrae a súa voz dun lugar profundo da vida para crear unha poesía que esgaza e acarexa coa mesma intensidade. Esta 'Escola do resentimento', que marca a súa presentación ante os lectores cunha introdución de Oriana Méndez, amosa o poder dunha novísima xeración de poetas que escriben desde o reverso da caluga.

Gonzalo Hermo

Escola do resentimento

Desde o segundo andar dun autobús incesante que deixa Vigo ao fondo para engulir quilómetros e romper horizontes, escribir un texto que sirva de introdución aos primeiros poemas publicados de Gonzalo Hermo vólveseme, aínda, tarefa máis emocionante: a altura desde a que observo o mundo, a pequenez de calquera cousa, a inmensidade dos textos de Gonzalo. Os textos de Gonzalo Hermo impulsando este autobús.

A sucidade, especialmente aquela que acumula pouso de silencios baixo as moquetas da burguesía, é do que fala a voz de Hermo. Ou na análise de Elfriede Jelinek: *O pequeno burgués sempre ten algo que esconder; para iso están os recantos (...). Diante destes recantos detense o burgués, disposto en todo momento a liscar para facer porcalladas sen ser visto.* As voces de ambos os autores, emparentadas polas redes invisibles que unen o amor polo vermello a cabalgar Europa, son un ollo firme. Por Hermo fala o ollo que observa as fendas dun mundo denso, construído de feridas e de desexo. No entanto, o acto de nos mergullar nos arrabaldos de nós mesmos e saír deles impolutos, seguíndolle o ritmo á música que soa, é unha propiedade da que só gozan algúns poucos escollidos; os escollidos entre os talentosos. A elegancia. Contra a beleza hixiénica, forxada a partir de morte e castración, devolve Gonzalo a estampa orgullosa do servo que se levantou.

Unha pedrada na testa, un golpe seco. A memoria da navalla. A memoria do crac. A boca. A unlla partida que rabuña unha saba e sangra. O desexo que sente cara a min recoñécese na esvástica. Achegarnos á proposta de Hermo é aceptar un cuestionamento permamente sobre a violencia: onde reside, quen a provoca e por que aquilo que semella un sorriso manca. Ou por que aquilo que se prohibe libera. A través destes textos, espadas como poemas, introducímonos na dor dos que viron extinguir o seu fogar e humillar a súa identidade. Hermo introdúcenos nos seus ollos. A operación de rescatar a voz dos asasinados é semellante á de comprender como morden os vencidos que xa pensan na lingua dos vencedores. É o proceso de colocarse no gume do delirio, na tortura e no resultado da tortura. Aí, tamén aí, nun territorio que é unha sucesión de vertixes, é onde se sitúa Gonzalo Hermo para acoller toda a perversión que se agocha nos motivos dos imperios. A perversión da Historia que é fermosa, e fede.

No ronsel dos máis avantaxados revolucionarios. Simone de Beauvoir reclamou transcendencia para o pensamento da muller; Malcom X só comprendía a bandeira da liberdade, non a da integración. O autor é herdeiro da consigna, quero dicir que é dos que erguen bandeiras e herdán pensamento; non dos que decidiron descrer a medida que o Capital se travestía de posmodernidade. Esa non é a vangarda de Gonzalo Hermo. A súa é a que fala do que queda na memoria da tribo.

Oriana Méndez



[A estranxeira inventa a utopía...]

A estranxeira inventa a utopía, os finísimos dedos de Astarté
ou de como o meu sexo me obrigou a escribir contra o meu propio sexo

dese deber
falo no poema

e en tanto pido teta pola deusa que morreu
como un meniño cadavérico e doente.

A estranxeira coloca unha máscara e féreme a man
doe apenas pero a carne xamais cicatriza. Permanece marcando.
Escribe por min.

Por iso o meu poema é só un acto de vinganza. Ningunha «árvore esquelética» foi plantada nel
nin nel o pubis de miña Señor recende a crepúsculos de antano e primaveras frolescentes. Crédeme:
só a carraxe motiva a miña escrita. Como á estranxeira a carauta.
Así o meu odio visceral de neno mordido. O meu verso
violento.

Sabede que falo coa certeza de ter sido atado de pernas e brazos.
Ocorreu aquí (no poema); alguén me castrou
agora suxéitame a columna unha vara de medir a terra do inimigo, algo tribal
por suposto ferinte
e salvaxe
o terror de París
parello ao da lingua que resiste á diferenza. O do texto-
caníbal.

Sabede que algún día escribirei sobre como os resentidos fomos castrados
en que lugar sucedeu
e canto tempo lles bastou a aqueles que tiveron a ben antecederme
para romperme a boca

[Dicir les enfants terribles...]

Dicir les enfants terribles é comezar falando dos nenos que sangran polo nariz
dos nenos que fuman. De
eses, os que adiviñas ofrecéndome un revólver para pórcho na boca e que apertes o gatillo
nenos do opio
da anestesia
coa enxiva no anzol
plaxian as damas de París cando se empoan as fazulas
e saben dobregarse
neniños Withman
garçons cara B
vinos vingarse do idilio de mami coa vasoira
do seu propio idilio coa nai
bebés de plástico
ficticios
algún deles me contou o segredo da túa morte, faloume do crac.

Dicir les enfants terribles é comezar falando da memoria e do crac
de como dei en enterrar os teus dedos na gorxa antes de morreres, antes de matarte
dos irmáns que matan
dos irmáns que matan e te ollan contentos mentres morres de febre na bañeira
e eu te miro morrer
tamén contento
dos nenos citè
dos nenos Cocteau
asasinando

[Unha pedrada na testa...]

Unha pedrada na testa, un golpe seco.
Algo así quixen para el antes de dicirlle estas palabras pensándoo no chan:
arbeit macht frei
cárcere de Reading
a cadea.

No seu nome escribo.

Era el Josephine March Elizabeth March todas as mulleres
arredor do abdome levaba un cinto pintado con carbón
na cabeza un diadema
estaba nu

eu odiábao
até tal punto que non deixaba de pensar na posibilidade de amarralo cunha corda
ao gancho da parede
para facerlle entender
que podería executalo se se negase a aceptar as regras do meu xogo
que seguramente o executase aínda aceptando cooperar
que non tería escapatoria
que non habería saída

tabú
o desexo que sente cara a min recoñécese na esvástica
é nazi

de aí
que deba nomealo soberano de Tebas
chamalo Edipo
ollalo de fronte e dicirlle
fillo meu,
cantas veces te terei que amarrar para que aprendas a sentir a obriga de matarme?

O desexo
o desexo é un campo de exterminio

[Fomos nós...]

Fomos nós, cando todas as armas ficaron vencidas ante a fame de bandeira.

A Patria
era o rostro ambiguo de Madame Lempicka.
O Desexo
un umbral.

Entón decidimos que o discurso era o único modo posíbel de Revolución.

E vimos de repente revirarse contra nós as nosas armas

apuntarnos
á caluga

[Coñezo esa nena dos filmes dos romanos...]

Coñezo esa nena
dos filmes
dos romances

[4º día de encerro. “Voyeur e submisa.
Un pelícano dorme na pantalla”]

nun pub é que a vin
bailaba na pista coa boca entreaberta xurando chamarse Erika Kohut
ter doce anos
sentir predilección polo Winterreise de Schubert, polas fugas de Bach, polos preludios
ser pianista
saberse incapaz de asumir un encargo que exceda o nivel que delimita o seu talento
gustar dos señores con chapeu
do modo brutal en que a ollan cando baila
da súa rudeza

Erika mente
Erika pode elixir pero faino só para entregarse
Erika é astuta

da súa viaxe ao inverno
escollo o gulag
e pido perdón pola dona que baila vestida de nena entregada

pero dime, ti que a miraches,
se pides perdón
qué marcas do seu corpo te pertencen e cantas te fascinan
sinálaa co dedo
obrígalle a dicir
“meus pais son uns humildes campesiños da comarca do Sar mortos na Guerra”

Zsa Zsa Gabor
Erika Kohut

un só aceiro é o que fende

o frío despois do 36
siberiano

[E as dedas pulsan o deserto de Akra...]

E as dedas pulsan a rede no deserto de Akra

alí
arranco a toga e visto o velocino de coiote.

Pois a dama escura pinta as pestanas de barro no deserto de Akra
e perde a árbore a follaxe polo cruce das raíces.

É alí onde nego a posibilidade do Sur
os rastros de liques e musgo na boca do profeta
a escritura-
caníbal.

Por iso
levarei a dor orixinaria do meu pobo até Akra
para borrar a memoria do agoiro mentres cae a coroa
e que o deserto nos grafe

[Moito tempo despois...]

Moito tempo despois aquí non houbo desastre non houbo desastre

creme
este lugar chamaríase Hiroshima.

O ollo do actor fecha o meu ollo só se me vendo. Eu véndome por el
nas tascas suxas de Hiroshima
onde a guerra é nada, un transvase apenas,
unha troca.

O actor coñece o desastre que adiviño en Hiroshima.

Querería por isto falar acerca dun ollo anterior ao bombardeo. Un ollo inocente
que se abre un bo día e contempla a desfeita. Un ollo que viu.
O da pupila arrasada. O da derrota.

Pois a miña xeración naceu logo da guerra e foille prohibida a posibilidade de volver.

Somos o lixo. Hiroshima é o actor. Eu quéroo
tan decididamente que sería capaz de o arrincar do escenario
para chantarlle no ollo a dor do meu país.

Que vise o desastre, de novo o desastre, sen bombas,
nas gabias
a morte nas gabias que a miña xeración non viu pero presinte
co ollo denso
Hiroshima é a lei.

Quixen explicarllo. Falarlle do que queda na memoria da tribo.

Do que nunca se esquece.

Do que se herda.

HIROSHIMA TAMÉN EU

[Unha mancha de ollos...]

Unha mancha de ollos dispóñense a cegarme.

A coroa
caeu

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum.



18 SETEMBRO DO 2008 - NÚMERO 737

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Rosa Veiga



Rosa Veiga

O toque Veiga

O traballo de Rosa Veiga (Ourense, 1965) é, sen dúbida, un dos máis sorprendentes do fotoxornalismo actual en Galicia. As súas fotografías, no medio do bombardeo diario de imaxes que caen sobre as redaccións dos periódicos, recoñécense con facilidade. Os encadramentos que transmiten –dun só golpe– o contexto social dos personaxes, a súa capacidade de captar o movemento –o intre irrepetible e revelador nos retratos– ou a súa fascinación polos grupos humanos –polo colectivo como identidade de pobo– conforman o que na redacción de *maré* denominamos “o toque Veiga”, garantía sempre de calidade e de emoción dun traballo realizado con compromiso estético e informativo, algo que tamén pode estenderse ás súas meticulosas crónicas escritas. Ourense enteiro, desde Conso a Allariz, desde O Carballiño á sede central dos territorios de Xosé Luís Baltar, desfilan por unha galería de instantáneas onde se amosa –en contra dos criterios dos máis escépticos– que o fotoxornalismo segue a ter os ollos ben abertos e o corazón palpitante. Para demostralo, este conxunto de secuencias, reflexo dos principais focos de interese da autora e, sobre todo, da fermosa lucidez da súa cámara.



rDL | 3
Galicia Hoxe 18/09/08



Arriba, Anxo Quintana durante un mitin en Ourense no ano 2006. Tamén nun mitin, e no mesmo ano, foi captada a imaxe de Mariano Rajoy. Ao seu carón, os británicos Ruhel Ahmed e Shafiq Rasul, presos en Guantánamo durante dous anos e protanistas do documental *Camiño a Guantánamo*, de Michael Winterbottom, que exhibiu no Festival de Cine de Ourense do 2006. Abaixo, busto do presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luis Baltar, que foi retirado polos operarios municipais de Os Blancos e depositado no medio dos cascallos nos locais do concello.



Unha parte considerable do traballo de Rosa Veiga céntrase no Entroido e nas festas populares da provincia de Ourense. Arriba, as celebracións multitudinarias do Entroido de Souteliño, en Laza. Na imaxe, varios rapaces conducen unha máquina da malla transformada en gran sulfatadora coa que estraron nesa xornada -19/02/2007- con 250 quilos de fariña os asistentes. No centro, un veciño de Dacón, Camilo Álvarez, caracterizado como Rei Gaspar, toma unha taza de caldo nunha das casetas veciñais que se instalan no campo da Garrida para representar un nacemento vivente cun centenar de veciños. Abaixo, os participantes na primeira edición da Festa da Seitura en Queiroas, Concello de Allariz, no ano 2002, xantan despois de lembrar a seitura antiga, cando os labores se realizaban sen máquinas. Na páxina seguinte, arriba, *domingo corredeiro* do Carnaval de Verín, cando os cigarróns esperan os seus veciños na saída da misa para asustalos coas súas fustas... Esta señora, porén, parece máis ben que é ela a que se encarga de espantar a entroidada. Na fotografía do centro, o Rei do Entroido de Covelo -Concello de Melón- no momento no que perde a súa coroa a mans dun grupo dos denominados 'danzantes', durante o percorrido da procesión dos santos Entroido e Entroida. Logo, recupéranlla os 'soldados' e 'mordomos', nunha celebración do Martes de Carnaval na que participan case todos os veciños do lugar, arredor duns cen. Na imaxe de abaixo (esquerda) pode verse un momento da procesión de Covelo. Á dereita, tres rapazas lánzanse "farelos" en Xinzo de Limia para celebrar o *domingo fareleiro*, co que se inicia o Entroido.





Un dos temas obrigados de Rosa Veiga durante os veráns é o dos incendios forestais. As dúas primeiras imaxes datan do ano 2006, durante a terrible vaga que asolou Galicia a primeiros de agosto. Arriba, os veciños das aldeas da Pica e da Seara –Concello de Vilamarín– tratan de evitar que o lume chegue ás súas vivendas. No centro, artefacto formado por unha botella de plástico chea de líquido branco e unha mecha que foi usada sen que chegase a prender. O artefacto –abolado pola calor– foi atopado no monte por un veciño de Tamagos –Concello de Verín– o 13 de agosto. Abaixo, Jorge Sabucedo, propietario dunha granxa de porcos en Outeiro de Laxe –Allariz– consegue frear as lapas antes de que arruínene á explotación nun incendio do ano 2002.





Arriba, celebración da *Chega dos bois* no Concello de Muíños con dous exemplares procedentes da fronteira portuguesa. Cada ano, o Concello debe pagar unha sanción xa que é unha celebración prohibida. No centro, dous veciños de Xinzo de Limia tratan de cazar un dos 1.400 visóns que foron liberados por activistas naturistas a noite do 4 de novembro do 2006. Abaixo, veciños de Beiro, no Concello de Ourense, limpan e baleiran un porco durante a matanza.



Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Na imaxe de portada, o daquela (2006) concelleiro de Cultura de Ourense, José Araújo, sae co seu marido Nino Crespo (esquerda) da Casa do Concello tras contraer matrimonio. Era a primeira voda en España dun homosexual do PP e resultou especialmente polémica porque o PP presentou un recurso de inconstitucionalidade á lei que regula este tipo de matrimonios.




25 SETEMBRO DO 2008 - NÚMERO 738

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Alicia Fernández



Alicia Fernández

había unha vez...

(ou da inxenuidade nos primeiros xogos)

Alicia Fernández Rodríguez (Escairón, 1987) é o claro expoñente dunha auténtica “nena prodixio”, autora recoñecida desde a adolescencia con varios galardóns que, ao medrar, non lle impediron desenvolver unha voz propia e escintilante. Autora, de momento, dun único poemario –*Botar o mar polos ollos* (2005)– Alicia Fernández ofrece agora en *Revista das Letras* un conxunto homoxéneo de textos que cativan o lector pola súa intensidade emocional e pola súa ousada transparencia formal. Poemas que arrincan desde un lugar remoto da consciencia para revelar as entrañas do monstro e as súas longas poutas, sempre asexantes.



un cachiño de pan para os dentes;
para que sandes, un arrollo.

outro debuxo dos meus
como agasallo. (espiral escura)

eu: presaxiando arte e beixos.

había unha vez...



agora xa dis dói-dói.

a min, logo de caer no recreo,
botábanme líquidos escuros,
(sempre mestres de bigote).
é por iso que aprendín a berrar pupa.

e xa ves:
choramos no mesmo idioma.



tiven unha colección de medos
detrás da ventá:
home do saco
coco
sacaúntos
meiga chuchona...

as cancións de berce non limpaban
bágoas.

ti non existías; (soamente no colo da avó)
eaaaaaaaeaaaaeeeeeee.



dessine-moi un mouton:
repito de xeito compulsivo,
dessine-moi un mouton
dessine-moi un mouton
dessine-moi un mouton.

non sei aínda de pronuncia
d e l i c a d a, mais chego
-sen manuais-
ás ansias do principiño.

l' enfance



que ben nos agachamos
na
aresta:
como para vender arroz ou
cambiar cromos de nenas cos labios
pintadiños;
(esas mozas de estreita cintura).

tápote coas mans-edredón.

unha vella cabra que tiña sete cabritos...



e xa sei que:
a pota pequena non foi para min,
o libro das fábulas nunca o traducirei,
a perdiz de chocolate suicidouse,
o nariz seguía no meu corpo en agosto,
a turuleca é turuleta*
(isto aprendíchesmo hai pouco)

o
a
o
a

e xa sei que:
os contos dos grimm sempre remataban
ben.

rematan
rematarán

*para unha ilusión mínima;
vés,
corríxesme,
e arríncasme a
invención das palabras.



a mónica, remexendo no inconsciente

- que che suxire... chocolate?
- frigorífico
- primeiros xogos?
- sexo, destrución, portas vellas (as da bodega)
- vermello?
- esperanza, vergoña (é que me veu a regra moi cedo)
- medo?
- coco (pero a froita)

as palabras falan así.
con sinónimos imposíbeis.

despois preguntou ela:

- e a ti... festa?
- orquestra, prado
- fodiches nun lameiro?
- xoguei a pillar e montei nas barcas...

as palabras falan así.
expectativas.
decepción.



no meu conto non son
mariamanta nin princesa nin
rosavermella.

aquí escribo eu cada l i ñ a.
na cidade da tenda grande* ti gañas un
concurso de debuxo.
alí ela morde aos outros nenos.

védesme pequeniña?
coloco
p u n t o s s u s p e n s i v o s .



nas ponlas dos ameneiros,
toleirón, devagariño,
vai dicindo unha cantiga
para te arrolar, o ventiño.
durme, durme, meu neniño.
johán viqueira

insomnio, presentir, nana
(exercicio: atopa a palabra do día)
e os ollos marróns víanse
disléxicos
desorientados.
e non puñan novos nomes ás cousas
-non pedía iso o caderno-
e berrar: prenda! só valía fóra.

e... non sei aínda qué termo sobra;
porque levo nas mamas a inxenuidade.

e queríaos como só unha nai pode querer
aos seus fillos...

Alicia recupera á Alicia de Carroll. E con ela, o conto todo: o petit prince namorado dunha flor, a raíña de corazóns, os sete cabritiños, o coello branco. O espello. E mírase nel. Obviamente vese a si mesma (unha nena bonita que di todo o tempo que si, pero, xa volo advirto, que oculta un coitelo na saia), mais sen que por iso se lle escape un dato fundamental: o seu propio reflexo é tamén o de todas aquelas mulleres que, como ela, aprenderon o imaxinario da tribo por vía dos contos dos Grimm. Fóra da literatura, ese imaxinario asenta na nana, no xogo, na linguaxe. Alicia dálle cabida a todas as caras da orde simbólica e, aínda recoñecéndose inxenua, non dubida en preguntarse se aquilo que se lle presenta como inocente (as cinturas imposíbeis das mozas dos cromos, o medo á meiga chuchona e ás súas variantes masculinas) o é na verdade. De aí que se decida a inventar a súa propia realidade. Un conto de seu en que caiba non verse mariamanta nin princesa nin ro-savermella. Un lugar onde, asumindo as limitacións propias -a pota pequena non foi para min / o libro das fábulas nunca o traducirei-, escribir do seu puño e letra cada unha das liñas do relato. Claro que iso supón certos sacrificios. Alicia enfróntaos; non lle importa ter que morder aqueles nenos que só saben vela pequeniña. Todo sexa polas conversas coas amigas en que a linguaxe parece non coincidir. Pois é a través do diálogo coa outra nena que o vermello pode ser identificado coa regra, e coa vergoña (experiencia feminina compartida) e, aínda, cabe a posibilidade de ironizar sobre aquilo que fora imposto como o sitio do terror:

-(que che suxire) medo?
-coco (pero a froita)

Logo vén o talento. Non só aquel que permite artellar en tan poucos versos un contido tan complexo, e indubitalbelmente tan acertado, como o que veño de sinalar. Tamén o brillo formal. O verso libre que se reparte sen estridencias; breve, conciso, elegante. Como unha xoia, diminuta e tallada.

A Alicia de Carroll cruzou o espello. Alicia Fernández tamén, pero cos ollos abertos. Moi consciente de que a nena que se disfrazaba a si mesma de nena (vestidiño rosa, zapatitos de charol) é tamén merecente dun bocado de Paraíso, iso que alguén deu en chamar a Revolución das Mulleres.

